NOTAS AO PROGRAMA

Continuando o camiño iniciado no primeiro concerto da temporada, a BMMC presenta nas súas primeiras partes música para ventos, ensembles. Músicas presentadas como 1.ª interpretación para a BMMC, que ten por finalidade dar a coñecer un repertorio pouco programado na nosa cidade. A Coruña é unha cidade vangardista no cultural.

Andrés Valero-Castells (1973)
Preludio (2004, AV42b), para octeto de vento **
O programa de hoxe ábrese cunha breve peza do noso novo director titular, Andrés Valero-Castells. Trátase do seu **Preludio para octeto de vento** (2 oboes, 2 clarinetes, 2 trompas e 2 fagots). En 2001, escribiu un preludio e fuga para dobre cuarteto de oboes, corno inglés e fagot, do que tamén existe unha versión para dobre cuarteto de saxos. A presente versión para octeto clásico recolle unicamente o preluido e data de 2004. Foi estreada ese mesmo ano no XVI Encontro de Compositores de Valencia, realizado no Palau da Música, a cargo do Ensemble Estudi Obert, baixo a dirección do propio compositor.
Jean Françaix (1912-1997)
Siete danzas (1971), do ballet *Las Desdichas de Sofía* (1935), para ventos **
René Jean Désiré Françaix (Le Mans, 23 de maio de 1912 - París, 25 de setembro de 1997), coñecido artisticamente como **Jean Françaix**, foi un compositor francés. Pianista nacido nunha familia de músicos. Françaix gañou aos 18 anos o seu primeiro premio de piano no Conservatorio de París; estudou composición con Nadia Boulanger. A súa composición de xuventude, o *Concertino para piano* (1932), foi un éxito inmediato. O seu repertorio consta dunhas duascentas obras musicais.
Ademais de distintas pezas para instrumentos sos, compuxo varios concertos, incluído un concerto para piano, un concerto para dous pianos, dous concertos para violín e un concerto para clarinete e frauta. As súas obras vocais son un *Oratorio*, a *Apocalipsis de San Juan* e unha cantata para mezzo-soprano e cordas ou os *tonton déploration*. Escribiu obras para vento, entre elas dous cuartetos de saxofóns. A música de piano inclúe clavecín, oito danzas exóticas para dous pianos, unha misa de voda e unha sonata de piano. Françaix tamén compuxo música para unha ducia de películas. Como compositor, desfruta de máis éxito no estranxeiro que en Francia, especialmente en países como Alemaña, Xapón e Estados Unidos.
Deste gran compositor francés, nacido nunha familia importante de músicos, cunhas composicións cheas de enxeño e elegancia, presenta hoxe a BMMC as súas sete danzas para instrumentos de vento (2 frautas, 2 oboes, 2 clarinetes, 2 trompas e 2 fagots), versión adaptada para esta formación no ano 1971; danzas que pertencen ao ballet *Las desdichas de Sofía*, do ano 1935, obra de grande esixencia técnica e expresiva.

Igor Stravinsky (1882-1971)
Octeto (1923, rev. 1952), para ventos **
I. Sinfonía II. Tema con variacións III. Final
Ígor Fiódorovich Stravinski Compositor e director de orquestra ruso cunha influencia e importancia suprema durante o s. XX. A súa figura transcende do puramente musical. Foi considerado pola revista *Time* como unha das personalidades máis influentes do século XX. A súa longa existencia -morreu cando ía cumprir os 89 anos- permitiulle coñecer gran variedade de correntes musicais. Resultan xustificadas as súas protestas contra os que o tildaban como músico do porvir. "É algo absurdo. Non vivo no pasado nin no futuro. Estou no presente". No seu presente, compuxo unha gran cantidade de obras clásicas en que abordaba varios estilos como o primitivismo, o neoclasicismo e o serialismo pero é coñecido mundialmente sobre todo por tres obras dun dos seus períodos iniciais -o chamado período ruso-: *El pájaro de fuego* (L'Oiseau de feu, 1910), *Petrushka* (1911*) e La consagración de la primavera* (*Le sacre du printemps*, 1913). Para moitos, estes ballets clásicos, atrevidos e innovadores, practicamente reinventaron o xénero. Stravinski tamén escribiu para diversos tipos de conxuntos nun amplo espectro de formas clásicas, desde óperas e sinfonías até pequenas pezas para piano e obras para grupos de jazz.
O octeto para ventos (1 frauta, 1 clarinete, 2 trompetas e 2 trombóns) composto en 1923, cunha revisión, a hoxe presentada pola BMMC, do ano 1952, é unha obra delicada dunha gran dificultade técnica, coa que Stravinski anunciou o seu novo estilo. As harmonías claras, que recordan a era da música clásica de Mózart e barroca de Bach e as combinacións máis simples de ritmo e melodía eran unha contestación directa ás complexidades da Segunda Escola de Viena. Stravinski pode que fose precedido nestes temas por compositores máis temperáns como Erik Satie pero non existe ningunha dúbida de que cando Copland estaba compoñendo o seu ballet *Appalachian Spring* estaba tomando a Stravinski como modelo.

Alexander Borodin (1833-1887)
El Príncipe Igor (1869-1888) *
I. Obertura (Arr. W. J. Duthoit) **
II. Aria del Príncipe (Arr. Esteban Esteve) **
III.Danzas guerreras (Arr. J. M. Izquierdo)
El príncipe Ígor é unha ópera en catro actos e un prólogo con música de Aleksandr Borodin e libreto en ruso do propio compositor. Debido á morte de Borodín en 1887, a ópera quedou inacabada e a partitura foi corrixida e rematada polos compositores Nikolái Rimski-Kórsakov e Aleksandr Glazunov. A estrea póstuma tivo lugar en San Petersburgo, no teatro Mariinski, o 4 de novembro de 1890.
O libreto, do propio Borodin e de Vladímir Stásov está baseado nunha epopeia *rusa* do século XII e correspóndese, vagamente, coa historia narrada no *Cantar de las huestes de Ígor,* que relata a campaña do príncipe ruso Ígor Sviatoslávich contra as tribos dos pólovtsy, invasoras en 1185.
A partitura inclúe as famosas danzas corais coñecidas como "Danzas polovtsianas" , que divulgaron en Europa occidental os ballets de Diáguilev e que se interpretan independentemente nos concertos. Outra peza destacada é a aria do jan Konchak, para baixo.
Borodin empezou a buscar un novo proxecto para a súa primeira ópera. Vladímir Stásov, crítico e asesor de Los Cinco, suxeriu o *Cantar de las huestes de Ígor*, un poema en

→

PROGRAMA

ENSEMBLES II + Príncipe IGOR

I PARTE

PRELUDIO (2004)
AV42b, para octeto de vento **
A. Valero-Castells (1973)

SIETE DANZAS (1971)
do ballet ***Las desdichas deSofía*** *(1935)*
para ventos **
J. Français (1912-1997)

OCTETO (1923, rev. 1952)
para ventos **
I. Stravinsky (1882-1971)
I. Sinfonía
II. Tema con variacións
III. Final

II PARTE

EL PRÍNCIPE IGOR (1869-1888) *
A. Borodin (1833-1887)

OBERTURA
arr. W.J.Duthoit **

ARIA DEL PRÍNCIPE
arr. Esteban Esteve**
Bombardino solista: José Orentino Sueiro Menor

DANZAS GUERRERAS
arr. J.M. Izquierdo

* En conmemoración do 125 aniversario da estrea da ópera
** 1ª audición da BMMC

Nota: polo ben de todos prégase desconecten os móviles durante o tiempo do concierto. Grazas

prosa épica do século XII e envioulle a Borodin un guión para unha ópera en tres actos o 30 de abril de 1869. Inicialmente, Borodín encontrou a proposta interesante pero de enormes proporcións:

"O teu esquema é tan completo que todo me parece claro e se axusta perfectamente. Pero, seri capaz de levar a cabo a miña propia tarefa até o final? Bah! Tal como din, aquí, "aquel que lle tema ao lobo, que non vaia ao bosque!" De maneira que o intentarei…"

Aleksandr Borodín, resposta á proposta de Stásov

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

(director)

(Silla, 1973).

Fórmase nos CCSS de Valencia e Murcia e titúlase en 8 especialidades, con 4 mencións de honra e Premio de Fin de Carreira.

Entre o seu profesorado máis destacado están: R. Ramos, L. Balada, E. García Asensio, e E. Cifre, M. Galduf, J. M.ª Vives, V. Campos etc. Asistiu a cursos de perfeccionamento con B. Ferneyhough, J. Rueda, J.M. López, C. Halffter, T. Marco, L. de Pablo, M. Hernández Silva, P. Sánchez Torrella etc. Obtivo o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) pola UCV.

Desde 2004, ocupou unha cátedra no Conservatorio Superior J. Rodrigo, de Valencia.

Desde que ganou en 2001 o "Andrés Gaos" na Coruña e desde que estreara coa OSG, desenvolveu unha intensa carreira como compositor, director e docente. Recibiu premios e distincións en Francia, Italia, EE.UU. e España. As súas obras interpretáronse na maior parte de Europa, América e Asia. As súas partituras están editadas en España, Francia, Suíza e EE.UU. No terreo sinfónico, estreou coas sinfónicas de Valencia, Galicia, Córdoba, Murcia, RTVE, Nacional de España, The World Orchestra, solistas do Covent Garden, Filarmónica de Medellín, Baltic Neopolis etc. Conta cunha ampla discografía, realizada en España, Noruega, Francia, Suíza, Holanda, EE.UU. e Xapón. Foi directivo da Asociación de Compositores Sinfónicos Valencianos, residente do Festival Internacional Spanish Brass e da Joven Orquestra de la Generalitat Valenciana. É membro de número da M. I. Academia da Música Valenciana.

Foi director principal invitado da Orquesta y Banda Primitiva de Llíria; fundador do ensemble Estudi Obert; director das bandas da SAM de Picassent, o CIM de Mislata e a Lírica de Silla; como invitado dirixiu, entre outras formacións, a Orquesta de Valencia, as bandas municipais de Valencia, Madrid, Barcelona, Alacante, A Coruña, Santiago de Compostela etc., así como a banda da FSMCV, a de Musikene, a Artística de Buñol, o Día de la Música Valenciana etc. Dirixiu estreas absolu tas e nacionais de L. Balada, H. Mertens, M. Daugherty, S. Sciarrino, de L. Berio, R. Mira, F. Tamarit, Ll. Barber, J. Lord etc. Dirixiu en varias ocasións ensembles, ópera en concerto e bandas sinfónicas no Festival Internacional de Música Contemporánea de Valencia Ensems. Ademais, a súa versatilidade levouno a abordar proxectos singulares, como a gravación dun DVD para Sony co grupo de rock Barón Rojo e o CIM de Mislata.

J.L. Represas

VINDEIROS CONCERTOS

PAZO DA ÓPERA

29 de novembro - 12.15 h

DIRECTOR: A. VALERO

13 de decembro - 12.15 h

DIRECTOR: A. VALERO

20 de decembro - 12.15 h

DIRECTOR: J.L. REPRESAS

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en ***banda@coruna.es***

PAZO DA ÓPERA

15 DE NOVEMBRO - 12.15 H.

DIRECTOR:

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

TEMPADA 2015/2016

BMMC

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE A CORUÑA